

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 13 DE MAIO DE 2013**

## ASISTENTES:

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D<sup>a</sup>. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Anabel Corral Corral

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 14:00 horas do día trece de maio de dous mil trece, xuntase en sesión extraordinaria urxente, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste, por causa xustificada o concelleiro D. Gonzalo Concheiro Coello e o concelleiro D. Antonio Costoya Duro, que non xustifica a súa ausencia.

Feron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Anabel Corral Corral.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- RATIFICAR A URXENCIA DA SESIÓN**

O Sr. Alcalde manifiesta que a urxencia da presente sesión ven dada polo prazo de xustificación establecido con anterioridade ao 31 de xuño de 2013 para a realización da obra “MELLORA DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO”, subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da Resolución do 9 de abril de 2012 aprobáronse as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, promovidos polos concellos e mancomunidades de

concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e convocáronse as correspondentes ao período 2012-2013 (DOG nº 77, do 23 de abril de 2012).

O Sr. Alcalde-Presidente da Corporación somete a votación a urxencia da presente sesión, resultando aprobada por unanimidade.

## **2.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MC Nº 6/2013 SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2013**

Pola secretaria dáse lectura da proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

### **<<PROPOSTA DA ALCALDIA PRESIDENCIA DE PROPOSTA DE ACORDO Ó PLENO MUNICIPAL PARA A SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO DIA 13 DE MAIO DE 2013**

Visto que no orzamento municipal para a anualidade 2013 non existe consignación orzamentaria suficiente na aplicación orzamentaria de inversións 23.H6.62700 para a aportación municipal de 25.297,27 € correspondente ao investimento “**MELLORA DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO**”, obra subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da Resolución do 9 de abril de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, promovidos polos concellos e mancomunidades de concellos, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e convocáronse as correspondentes no períodos 2012-2013 (DOG nº 77, do 23 de abril de 2012)

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS:**

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó Pleno a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

1º. Aproba-lo expediente nº 6/2013 de Suplemento de Créditos por un importe global de 25.297,27 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACIÓN ANTERIOR	AUMENTO	CRÉDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
23.H6.62700	<b>“MELLORA DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO</b>	127654,73 €	25.297,27 €	152.952,00 €

2º.- Financia-lo expediente nº 6/2013 de suplementos de créditos mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTOS xerais por importe total de 25.297,27 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Boimorto, a 10 de maio de 2013.

O ALCALDE.

Asdo: José Ignacio Portos Vázquez>>

Sen mais intervencións por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, o Pleno municipal **ACORDOU**:

1º. Aproba-lo expediente nº 6/2013 de Suplemento de Créditos por un importe global de 25.297,27 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACIÓN ANTERIOR	AUMENTO	CRÉDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
23.H6.62700	<b>“MELLORA DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO</b>	127654,73 €	25.297,27 €	152.952,00 €

2º.- Financia-lo expediente nº 6/2013 de suplementos de créditos mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTOS xerais por importe total de 25.297,27 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

**ACORDO PARA INSTAR A CONSELLERÍA DE SANIDADE, XUNTA DE GALICIA ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN MATERÍA DE SAÚDE.**

Polo alcalde dáse conta da realidade da situación do centro médico do Concello de Boimorto nos seguintes termos:

*<< En data 15 de abril de 2013 por diversos usuarios da residencia de maiores pídesse cita para consulta de atención primaria co doutor Gil no centro médico de Boimorto sen que polo mesmo se atenda ao mesmo, a pesar da gravidade dalgún dos pacientes, en concreto, de dona Mercedes Beade que ao dar conta da súa situación no centro médico se nos indica que non saben onde se encontra o doutor Gil e se nos recomenda chamar ao 061. Unha vez chamado ao 061, persónase o dr. Concheiro que decide levar personalmente a esta paciente a partires de ese día.*

*O xoves 18/04/2013 o ATS Humberto, estivo esperando no centro de saúde máis de unha hora despois da hora sinalada para consulta; non había ninguén mais no centro de saúde para atender aos usuarios e non se lle dou explicación alguna, polo que o ATS tivo que marcharse xa que tiña que continuar traballando na residencia. Había tres usuarios con cita para as seguintes horas: 10.16, 10:35, 10:40.*

*O día 21 de abril falece dona Mercedes Beade.>>*

Considerando que por parte de D. Gonzalo Concheiro Coello, portavoz do grupo municipal do PP e médico do centro de saúde, fixéronse as xestións oportunas para reconducir a situación e resultaron infructuosas.

O Pleno municipal, por unanimidade **ACORDA**:

**ÚNICO.**- Instar á Consellería de Sanidade a que adopte as medidas necesarias tendentes a solucionar a gravidade da situación do centro de saúde do Concello de Boimorto en exercicio das súas competencias en materia de sanidade.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:15 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez